



COSTA DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (2)


De Malpica a punta Nariga

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2019



Distancia: 27 km aprox. (lineal)
Dificultade: media

O concello de Malpica de Bergantiños forma parte do tramo de litoral coñecido como Costa da Morte, unha sucesión de cantís abruptos entre os que se atopan algúhas praias e que inclúe as illas Sisargas. Unha costa que acolle importantes valores naturais, protexida no LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte”. A máxima altura do concello é o monte Neme, con 386 m. O río máis importante é o Baá, que percorre o concello de leste a oeste e desauga na praia de Esteiro. As principais actividades son a pesca de baixura, os servizos, a industria relacionada co barro e a agrogandaría.



Un dos aspectos máis interesantes da costa de Malpica é a variedade de rochas e de formacións xeolóxicas

Malpica



Praia de Area Maior, A Atalaia e Malpica

Esta parte do litoral de Malpica forma parte da primeira etapa do Camiño dos Faros, que vai da vila a Niñóns, case 22 km, que logo son máis cos desvíos que facemos para ver de preto algúns lugares, pero pode ser dividido segundo o noso interese ou a nosa capacidade:

1-De Malpica a Santo Hadrián: 5 km

2-Da praia de Seaia á praia do Beo, dándolle a volta ao cabo de Santo Hadrián: uns 8 km, máis 3 km para volver de Beo á praia de Seaia. A volta é mellor facela pola beira da estrada, coller logo o cruzamento a Santo Hadrián e praia de Seaia e ao pé do IES meterse á dereita (indicado) para ir á praia (o traxecto é un par de centos de metros máis longo que por camiños interiores, pero menos complicado).

3-De Beo a Barizo, pasando polo Esteiro e rodeando o monte da Ínsua: 6,6 km.

4-De Barizo a punta Nariga: 5 km.

Se seguimos ata rematar o concello de Malpica e á praia de Niñóns por punta Nariga, son 9 km, máis 7 km de volta.

1-Desde a vila de **Malpica**, polo paseo que percorre as **praias de Area Grande e Canido**, entramos no sendeiro de Santo Hadrián, e o **Camiño dos Faros**, que abandonamos en canto enxergamos un carreiro ao xeito para achegarnos, polas leiras abandonadas, á beira do mar onde os toxos son baixiños e hai espazos e carreiros entre eles para ir á **punta da Barrosa**, con illote, seo e coído, e á **punta do Boi**, con furna, para volver logo ao camiño e continuar ata a **praia de Seaia**, recollida e con altas dunas por detrás das que desemboca o regueiro.




Praias de Canido e Area Maior



Costa entre as puntas de Canido e do Boi



Praia e punta de Canido



Punta da Barrosa



Punta do Boi



Praia de Seia

2-Desde a **Praia de Seaia** volvemos ao Camiño dos Faros para comezar a subir cara o **cabo de Santo Hadrián**, primeiro gran obxectivo desta camiñada, entramos no camiño que ven do lugar de Seaia e un pouco máis adiante atopamos un camiño á dereita que vai máis preto do mar e meténdonos por el imos coñecer a **fonte de Navenllos**, que ten ao pé un panel con información sobre a lenda de Santo Hadrián e do **Portiño**, un pequeno abrigo natural acondicionado como porto que acolle nas rochas da súa contorna unha curiosa formación, un micropregamento con forma de serpe coñecido como a imaxe da serpe que esmagou o santo (para poder vela hai que ir coa marea baixa).

Desde o Portiño pódese volver atrás para ir polo camiño doado ou seguir cara adiante por un carreiro cada vez menos evidente que nos leva, a media altura do cantil, ata a **punta de Pasamelogo** e de alí sube ao miradoiro que hai por debaixo da **capela de San Hadrián**. Un pouco antes de chegar arriba damos nun camiño polo que, indo á dereita, entramos, nuns poucos metros, no roteiro do Camiño dos Faros que de aquí en diante seguiremos o resto do percorrido sen máis desvíos que os necesarios para ver de preto os lugares máis destacados ou que, a cada pouco, nos van chamando a atención. Desde a capela o camiño vai baixando para achegarnos á **Pedra de Areas** e os **illotes Boleeiros** dos que pasamos a unha certa altura, pero hai carreiros de pescadores para ir ata as rochas da beira do mar. Nesta parte do traxecto e onde temos máis preto as **illas Sisargas**, que xa están presentes desde que comezamos o percorrido, pero agora ocupan, por diante, unha grande parte do horizonte e descóbrennos detalles do seu conxunto e da súa accidentada costa. Na **punta da Pedra de Areas** a costa cambia de dirección para presentarnos a **Pedra do Lobo** e a **Punta do Cabo**, a parte máis saínte da península, e para descubriros o seguinte gran obxectivo, a punta Nariga. Na punta do Cabo a costa volve cambiar de dirección para achegarse a terra. Despois da punta do Cabo atopamos **Fontán**, seo e coído, e **Fontán Pequeno**, un pouco máis adiante a **Punta Salgueira**, un fermoso recanto no que a natureza das rochas e disposición dos estratos crea no cantil un chamativo conxunto de estreitas canles. Pasamos logo a **punta do Castro**, que ten por diante a **Pedra do Oso**, e chegamos ao seo do **Seixo Grande** e a **punta do Laguixón**. A altura das **Golfeiras** apartámonos da beira para ir descubrindo desde o alto o litoral recortado e comesto do **seo de Beo** ou **porto da Tella** coa praia de Beo no fondo, á que baixamos seguindo o camiño.




Praia de Seaia



Pregues na punta dos Cazás

Cabo de Santo Hadrián. Ten unha grande diversidade litolóxica (gneis, xistos, diques básicos, areíscas, conglomerados...) e de formacións xeolóxicas (fallas, pregues, cantís, coídos, furnas ...)






Vista cara a Malpica desde o miradoiro de Santo Adrián. Á esquerda a praia da Seia, a punta do Boi e ao fondo, a vila e o monte da Atalaia.



Vista do Cabo Santo Adrián desde as Illas Sisargas



O Sequeiro




O Portiño un pequeno abrigo natural acondicionado como porto que acolle nas rochas da súa contorna interesantes pregues nas nochas.




Micropregue nas rochas do Portiño. A tradición popular ve neste a imaxe da serpe que esmagou o Santo Adrián, para librar a zona dunha praga destes animais (para poder velo hai que ir coa marea baixa).



Os Cazás




Punta de Pasamelego.
Capela e miradoiro de Santo Adrián.



Punta e Pedra das Areas






Illotes Boleeiros



Pedra do Lobo



Cabo de Santo Hadrián



A Manga



Seo e Coído de Fontán



As illas Sisargas desde Santo Adrián




Cantís e faro da illa Sisarga Grande

As Sisargas son un pequeno arquipélago formado por tres illas maiores (Malante, Sisarga Pequena e Sisarga Grande) e varios illotes (Chalreu, O Xaceiro, Magnánimo) separadas do cabo Santo Adrián por unha canle de 900 m de anchura. Nelas aniñan varias especies de aves acuáticas.



Punta Salgueira




Pedra do Oso



Punta do Castro



Seixo Grande e Laguixón



Punta Pendurada
As Golfeiras



Cabo Santo Adrián desde a praia de Beo

3-Desde a **praia de Beo** volvemos a subir á estrada para desviarnos xa á dereita polo roteiro sinalizado, un carreiro, un pequeno atallo para sacarnos da estrada, que vai logo a un camiño e a unha pista que volve á beira do mar no remate da praia (coa marea baixa pódese cruzar pola praia e subir aos cantís ao final). Desde aí o carreiro segue pola beira ata un portiño. Neste punto facemos un desvío para ver un seo próximo e as illas que se acollen nel e volvemos atrás, ao portiño, para recuperar o camiño que aquí vai un pequeno treito, uns 300 m, por unha estrada local antes de volver a ser carreiro que rodea a **punta Galiana** para meternos na **enseada do Esteiro** e sen deixar a beira do mar baixa, despois de cruzar o **rego do Esteiro**, á praia de **Seiruga**.

Atravesamos a praia cara ao acceso principal e logo, por enriba do restaurante, collemos á dereita pola pista de terra ata case o remate e alí un carreiro á esquerda que sube á rúa. Na rúa imos de fronte á dereita seguindo o indicador de dirección á **praia de Area Pequena**. Na bifurcación podemos coller á dereita para baixar á praia e subir desde ela ao carreiro, ou á esquerda e no cruzamento coller un carreiro á esquerda que vai por detrás e por enriba da praia.


Desde a Area Pequena, dándolle a volta ao **monte da Ínsua**, imos a **Barizo** polo camiño dos faros, con desvíos por outros carreiros menos traballados que discorren máis preto do mar, para achegarse á **punta Xerpa**, as bocas das furnas e á beira do cantil, baixamos á **punta das Garzas** para continuar pola beira ata os restos da **cetárea da Besugueira**. Aí, como non é doado seguir pola beira imos pola estrada para coller o primeiro desvío á dereita que volve ao pé do mar. Desde alí un paseo carreiro lévanos pasando ao pé do **Con do Castelo**, á **praia de Barizo**.





Praia de Beo



Enseada de Beo e Porto da Tella




Enseada de Beo e Porto da Tella



Punta Galiana/Entretorres



Praia e enseada do Esteiro/Seiruga (Ceiruga)





Praia de Area Pequena



Punta Xerpa





Cova da Xerpa, coñecida como Furna dos Espíritos e da Caveira. Unha lenda conta que chega ata o castelo de Mens.



Punta Xerpa



Secova do Monte




Punta das Garzas e Restingas do Co



A Besugueira



Antiga cetárea en Barizo



O Castelo (Barizo)



Praia de Barizo



Praia de Barizo


4-Cruzando o **areal de Barizo** temos na outra punta un carreiro, unha subida á estrada que vai ao **porto**, pola que imos ata el. No porto hai que ir ata o pé do dique de abrigo desde onde arranca o carreiro para subir ata ben arriba no **monte do Cabalo**, baixar logo cara á **punta do Cabalo**, para manterse logo a media altura do cantil, da caída ao mar das **Barreiras**, deixar o carreiro para achegarse á **punta das Ensubelas** e despois de subir e baixar as **Portelas** facer o propio para ir ata o pé da desembocadura do rego para ver de preto a caída ao mar da **Corveira** e a **Pedra do Ferro**, e máis adiante, despois de volver ao camiño, volver a deixalo para achegarse ao furado do **Niño da Aiga** e ter diferentes puntos de vista sobre a **Punta Nariga** e o **faro**, ao que hai que achegarse e percorrer os arredores para apreciar os numerosos detalles das formacións rochosas que o rodean. E despois de acadar punta Nariga, o derradeiro gran punto de interese deste tramo do litoral de Malpica, quédanos baixar ao pé do **coído dos Xunquiños Gordos**, ver bater o mar nas **Caniceiras**, subir, e pasar por enriba, a **punta das Penas do Rubio**, baixar logo, case de súpeto, ao **Cheiroso**, e seguir despois o carreiro case chan, que ten o traxecto moi preto da vertical na que baten as ondas, ata o seo do **Lago** onde se atopa a linde do concello. Como o Lago é un punto que se atopa lonxe de calquera parte, e sen un acceso doado, o mellor que podemos facer e continuar o roteiro polo camiño dos faros ata a praia de Niñóns, no concello de Ponteceso.



Porto de Barizo




Porto de Barizo e Os Loureiros




Enseada, praia e porto de Barizo desde o camiño á Punta Nariga



Punta Nariga. Un cabo granítico de costas abruptas e cantís con curiosas formas creadas pola erosión. (vista desde as Illas Sisargas).



A Rabaleira




Punta do Cabalo



As Ensubelas e a Punta do Cabalo



As Ensubelas




As Barreiras



A Corveira



Rego das Portelas



Pedra do Ferro



Moa de Salgueiro



Niño da Aiga



Punta Nariga.



Faro da Punta Nariga,
construído en 1998,
deseño de César Portela.



Punta Nariga






Punta Nariga



Xunquiños Gordos



Pedras das Caniceiras



Punta do Rubio



O Cheiroso



O Cheiroso e a Punta do Rubio



Punta
Angueiro



O Lago



Puntas Angueiro, do Rubio e Nariga desde Santa Mariña